

MONDOÑEDO MALABAR: OS NOVOS FEIRANTES

Para o viaxeiro atento e soñador, disposto ó lecer que se atopa nos camiños secretos e nas falas demoradas, existen aínda lugares propicios para espertar soños e leceres, reductos da imaxinación e da historia que gardan como tesouros a cadencia máxica dun ritmo de vida distinto, onde todo silencio é unha liturxia que nos devolve a nós mesmos.

Agora que é tempo de cerdeiras en flor, cando xa o cuco tomou posesión da música e do aire sobre o val do río Masma, Mondoñedo agarda ser visitada como unha dama nobiliar, disposta a abrollar co recendo das vellas cidades decadentes, aquelas que aínda gardan a galanura da pedra e o porte digno das donas que en tempos xa idos foron Isoldas namoradoras de poetas.

Noutrora, presumiu Mondoñedo de ser ela flor do reino da Galiza, un dos sete corazóns dun soño nacional que morreu decapitado na praza mesma da catedral; ficou o mito, a aura de lenda na ponte do Pasatempo; logo chegaron o latín e os bispos, e Mondoñedo seguiu a soñarse flor, pero flor de santidad, regada de homilías e latíns.

Viñeron tamén outros soños no rexurdir dos séculos, capturados en ritmo de música para gloria da propia terra; foron eles Leiras Pulpeiro, Noriega Varela, Iglesia Alvariño, Díaz Castro... Escultores do verso, artífices dunha poesía humana e humanista que inventou de novo un país chamado Galiza.

E de súpeto, como unha primavera todo el, naceu en Mondoñedo un trasno inmenso, un soñador que recolleu no corazón todos os ventos do mito e da maxia, pero tamén o espírito popular das xentes que son terra e historia, cantiga e feira, cerne do país campesiño onde as marabillas da imaxinación se converten en faladurías de botica; foi el Cunqueiro, e , para quen ame os paraísos e as nubes, nada máis é preciso dicir.

Son hoxe outros tempos. Onde foron os viaxeiros, son hoxe os turistas. Galiza se desfai a si mesma, e as cidades son telegramas de nerviosismo.

Mondoñedo sobrevive. Xa nada é igual, inda que todo aparenta case coma sempre. Pero a maxia, ese misterio da ilusión e da fe, resístese a morrer. Polos camiños do tempo, anúnciase a chegada dos novos feirantes, malabaristas que prometen enchernos de ledicia o corazón e as mans.

Será outra vez abril. Mondoñedo abrirá unha vez máis as cancelas da imaxinación. De todas partes da confusa Europa, chegarán magos de lume,